

A ruta de Febreiro é unha ruta de facer un pouco de sitio para o tradicional cocido que facemos por estas datas.

Neste caso escollimos o Pazo do Monte con cociña galega de calidade e sobresaie pola súa situación, nun típico pazo galego do s. XVIII e rodeado dun histórico xardín de azaleas, camelias e un hórreo de case 30 m de lonxitude, un dos máis grandes de Galicia.



Comezamos a ruta na praia de San Xurxo. Praia duns 2.100 m. situada nunha belísima bahía, con area branca e fina e auga cristalina, de cor azul-verdoso. Posúe bandeira azul. É ventosa e con forte oleaxe, polo que resulta perigosa para o baño. Ideal para os afeccionados ao surf, o bodyboard e windsurf.

Áchase nun entorno rural e ten unha zona de fondeo de embarcacións. Accédese ao areal dende A Pedreira o dende Vila da Area, que é a zona menos concurrida



Dende aquí subiremos ao monte de A Lagoa onde atópase o Miradoiro do Pedrouzo seguindo unha parte do camiño do crego.

A partir de cabo Prioriño (Ferrol) e ata o norte comeza o espazo natural protexido da Costa Ártabra. No tramo inferior destaca a lagoa e praia de Valdoviño, seguidas da punta do Castro e as islas Gabeiras, o monte e a praia de San Xurxo e pecha o conxunto o cabo Prior.

O mirador do Pedrouzo ofrécenos unha vista xeral deste tramo de costa. Encóntrase no alto de A Lagoa, a 229 metros de altitude. Non é o punto máis elevado do entorno (o coto de San Xurxo sitúase a 254), pero sí o que ten mellor orientación.

Estamos nun entorno dominado pola matogueira e o eucalipto. Na parte superior, para mellorar as vistas, subímonos sobre o antigo búnker militar que formaba parte das baterías de costa do Golfo Ártabro. Si miramos ata o sureste, de costas á costa, podemos divisar as polvoreiras militares de Mougá, actualmente abandonadas, cuxos terreos fóron cedidos ao concello de Ferrol no 2013.



Xa dende aquí iremos en busca da Ermida de Chamorro polo val de Esmelle.

Situada no monte de Chamorro, dende a cal comtéplase un fermoso panorama do Val de Serantes, a cidade e a ría de Ferrol.

Hai distintas versións do orixen do nome de Chamorro, pero a máis “popular” e fantástica é a de que un pescador en perigo, berrou en galego “xa morro”, sendo auxiliado pola Virxe. A ermita tamén coñécese como ermita da Virxe da Nosa Señora do Nordés, polo vento propicio de esa dirección, Patrona dos Mares e Vales de Ferrol que goza de gran devoción na comarca.

O templo actual é de fins do século XV ou comezos do XVI e a efixie de madeira da Virxe, sedente, frontal e de formas estáticas, é das chamadas imáxenes de vestir. Coma outros lugares Chamorro ten unha lenda de aparición da Virxe a dous irmáns que pastoreaban unhas cabras no monte.


O día grande da Nosa Señora do Nordés, o Luns de Pascua, despois da misa principal celébrase unha procesión que preside a imaxen da Virxen de Chamorro. A romería celebrada dende primeiras horas congrega a centos de persoas.

Por outra parte unha tala efectuada na zona de ermida descubriu a existencia dun petroglifo, 14 combinacións de círculos concéntricos e 30 cazoletas (pequenos ocos excavados na pedra).



A maioría dos petroglifos datan da Idade do Bronce, entre os anos 2.500 e 1.500 antes de Cristo, mentras que os círculos concéntricos solen ser algo máis antigos. O monte de Chamorro está plagado de pedras, pero son de granito bastante grosso e resulta complicado velas. Neste caso, sen embargo, vése moi ben porque a erosión apenas afectou, pese a que é unha zona que casi arde un ano si e outro non, o que daña as pedras, que acaban rompendo.





**PRÓXIMA RUTA:**  
**Fin de semana en**  
**Tui**  
**22 e 23-03-2025**



## DATOS BÁSICOS

**COMEZO:** Praia de San Xurxo

**REMATE:** Ermida de Chamorro

**DISTANCIA LINEAL:** 12 km aprox.

**DURACIÓN APROXIMADA:** 4 horas

**DIFICULTADE:** Media

**ALTITUDE MÁXIMA:** 264 m

**ALTITUDE MÍNIMA:** 8 m

**DESNIVEL POSITIVO:** 389 m

**DESNIVEL NEGATIVO:** 234 m



618 617 799



[carroucho@carroucho.org](mailto:carroucho@carroucho.org)



[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)

**RUTA ERMIDA DE**  
**CHAMORRO E COCIDO**  
**22-02-2025**